

PEZA DO MES

maio

2001



OS DESPOSORIOS DA VIRXE

ALTORRELEVO EN MADEIRA POLICROMADA.

64 x 73 CM

PROCEDE DO MOSTEIRO DE SANTA MARÍA DE
MONTEDERRAMO (OURENSE).

Nº INV. 636

REPRESENTA OS DESPOSORIOS DA VIRXE E É PEZA
ATRIBUÍBLE A MATEO DE PRADO, O MÁIS DESTACADO
ESCUPTOR QUE TIVO GALICIA NO SÉCULO XVII, A QUEN
SE DEBE A PLENA IMPLANTACIÓN DA LINGUAXE BARROCA
NA NOSA PLÁSTICA.





FOTO DETALLE.

OS DESPOSORIOS DA VIRXE

Esta peza ingresou no Museo hai case cen anos, en xaneiro de 1902, como donativo de don Manuel Díez Sanjurjo. Trátase dunha táboa de madeira tallada en alto relevo e coidadosamente policromada que representa Os Desposorios da Virxe e tense como procedente do Mosteiro cisterciense de Santa María de Montederramo. A escena, de marcado sentido narrativo, forma parte do Ciclo da Vida de María, figura de fundamental importancia dentro da espiritualidade da Orde do Císter, máxime dende que no Concilio de Trento (1563) se proclama a lexitimidade do culto á Virxe.

O tema iconográfico dos esponsais, o mesmo que acontece coa maioría dos temas marianos, carece de referencias nos Evanxeos canónicos, sendo polo tanto recollido dos apócrifos como o Protoevanxeo de Santiago e o Pseudo Mateo, e logo popularizado por a Lenda Dourada de Iacopo da Varazze, na cal se narra como María, a nai de Xesús, é desposada con Xosé, quen fora elixido entre os pretendentes mercede ó suceso miracroso do florecemento da súa vara.

O escenario habitual para a representación da escena soe ser ás portas do templo de Xerusalén, e excepcionalmente o seu interior, situándose os contraentes a un e outro lado do sacerdote, ben no momento en que Xosé colle a man de María ou ben aqueloutro en que, sos-

tendo a vara, coloca o anel no dedo da súa esposa. A composición complétase coa presenza doutros personaxes como os demais pretendentes, e as sete virxes compañeiras de María durante a súa educación no templo. Non obstante, a partir da Contrarreforma, préferense composicións con menor número de figuras, ou incluso aquelas nas que tan só aparecen os personaxes imprescindibles, é dicir, os contraentes e o oficiante.

No espléndido exemplar que hoxe presentamos, aparecen os elementos característicos do tema. Sen embargo, o fragmentario da táboa, coa perda do marco arquitectónico que encuadraría a escena fai que esta se desenvolvese nun espazo indeterminado. De igual xeito, as importantes mutilacións sufridas pola peza, en especial o grupo de figuras que acompañarían á Virxe ou o seu propio rostro, dificulta as posibilidades da análise compositiva e a valoración estilística da mesma.

A composición, densa de figuras, aparece presidida pola imaxe do sumo sacerdote, toucado con tiara, dispóndose os novos esposos a un e outro lado en actitude de tomarse a man. San Xosé, que non porta nesta representación a vara florida como é habitual, aparece en plena mocidade —o certo é que é así na maior parte das reproducións artísticas do tema— pese a que a lenda o figura como ancián, considerando o florecemento da súa vara como unha especie de “proba” de Deus para demostrar a virtude e humildade de María, que contaba daquela catorce anos. Completan a escena, conformando o cortexo de acompañantes dos desposados, no lado esquerdo, nun segundo plano e tratados cun relevo menos acentuado, o grupo de pretendentes despechados en posturas diversas, mentres no lado oposto asoma unha man que temos que supor pertencería a unha das virxes compañeiras de María.

Os personaxes, de canon esvelto, recórtanse nitidamente sobre o fondo, evidenciando unha clara preocupación do escultor pola consecución da definición do espazo en profundidade. Resaltan de xeito especial as cabezas, que adquiren no seu volume un valor próximo ó

de vultos redondos, tratadas cun excelente dominio técnico, especialmente notable na minuciosa labor naturalista de barbas e cabelos, e dotadas dunha intensa dozura e expresividade. As mans, delicadas e realistas, constitúen tamén fundamental elemento expresivo.

É necesario destacar, igualmente, a elegante e dinámica disposición das teas, traballadas en múltiples e miúdos pregues aristados cuxas vibracións lumínicas vense acentuadas pola rica policromía en ouros, vermellos e azuis, enriquecida por motivos vexetais que aínda se deixan adiviñar en zonas pese o deterioro sufrido pola táboa.


Se ben non contamos con documentación que permita adscribir esta obra con seguridade plena, tendo en conta a procedencia da mesma, así como a súa indubidable calidade e os rasgos de estilo que nela se manifestan, consideramos que pode ser atribuíble ó gran escultor do barroco galego Mateo de Prado. Contribúe a

Ourense e de aquí trasladados a Montederramo.

A relación de colaboración entre escultor e entallador, denominado en algúns documentos como “mestre de arquitectura”, non foi algo ocasional, senon que se repetiría en numerosas ocasións antes e despois deste contrato. Serva de exemplo paradigmático a fábrica do monumental retablo maior do propio Mosteiro que ía ser realizado poucos anos máis tarde, entre 1658 e 1664.

Parécenos interesante reseñar que á arte de Mateo de Prado atribúense ademais outras pezas soltas procedentes do mesmo Mosteiro como unha porta de Sagrario coa imaxe tallada do Salvador, conservada tamén no Museo, e unha imaxe de vulto da Inmaculada que foi trasladada a nova capela de Montederramo, pezas que pensamos deberon pertencer a algún dos referidos retablos que hoxe non se conservan.

Podemos pois considerar o relevo dos Desposorios como un exemplo máis dentro da



IGREXA DE MONTEDERRAMO. ALZADO.

esta idea o feito de ser coñecido que en 1650 o escultor traballa xunto co entallador Bernardo Cabrera para o Mosteiro de Montederramo, contratando a realización dos retablos da igrexa, con excepción do retablo maior. Ferro Couselo dá a coñecer a noticia documental que extrae do Libro de Gasto de Obras en la Iglesia y el Convento, según o cal nas contas de 1652, o P. Fr. Miguel de Quirós, prior de Castro de Rei, abona 500 reais a Bernardo de Cabrera e outros 500 reais a Mateo de Prado, a conta dos retablos e que segundo as contas de 1654, foron nese ano traídos desde Santiago a

importante produción de Mateo de Prado, o escultor máis relevante que tivo Galicia no segundo terzo do século XVII e que supón a plena implantación do barroco na escultura galega, difundindo na nosa rexión a linguaxe expresiva naturalista e os tipos iconográficos que aprendera xunto o seu mestre Gregorio Fernández en Valladolid.

HISTORIA DO MUSEO

No ano 1895, a Comisión Provincial de Monumentos Históricos e Artísticos de Ourense decidiu crear un Museo Arqueolóxico Provincial no que se puidesen conservar tódolos testemuños do pasado histórico da provincia e onde se puidesen reunir os dispersos tesouros que formaron parte do Museo de Pinturas, que a propia Comisión establecera en 1845 e que funcionou como tal ata 1852. O Museo abriu ó público ó ano seguinte, en 1896. En pouco tempo as coleccións crearon considerablemente e fíxose necesario un espazo máis amplo, dando lugar ós primeiros traslados, que por sucesivas desgracias non remataron ata o ano 1951. Neste ano adquiriuse a súa actual sede, o edificio que desde o século XII fora Palacio Episcopal.

O EDIFICIO

O edificio onde ten a súa sede o Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, adquirido para este fin en 1951, foi con anterioridade Palacio Episcopal. Edificado no primeiro tercio do século XII polo bispo don Diego II (1100-1132), conserva parte do seu núcleo orixinal. A construción deste núcleo prolongouse ata o episcopado de D. Lorenzo (1218-1248), ó que se lle foron engadindo elementos góticos (torre de Santa María), renacentistas (soportais do xardín) e barrocos (portada, patio dianteiro), conformando un monumento singular, que mereceu a declaración de monumento histórico-artístico por Decreto do 3 de xuño de 1931. Durante toda a Idade Media desempeñou un papel destacado na organización urbana.

HORARIO DO MUSEO

Aberto de martes a domingo de 9:30h a 14:30h e 16:00h a 21:30h.
Os domingos só de 9:30 h. a 14:30 h.

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico. TEXTO: Belén Lorenzo Rumbao. FOTOGRAFIA: Fernando del Río.
MAQUETA: Araceli Gallego. IMPRIME:A.G. Vicus, S.A.L. DEPÓSITO LEGAL: VG 433-2001



CONSELLERÍA DE CULTURA,
COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO

Museo Arqueolóxico



XACOBEO'99
Galicia



Praza Maior, s/n. - Telf. 988 22 38 84 - Fax 988 22 37 01 - Apdo. Correos 145 - 32005 OURENSE

